

ACTA Nº 47/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 22 DE NOVEMBRO 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Victor Pastoriza Lino
D. Valentín Piñeiro González.
Dona Libertad Cruz Couso
D. Daniel Rodas Chapela.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na casa do Concello de Moaña, a 22 de novembro de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta dos borradores das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local números 43/10, correspondente á sesión do 25 de outubro de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Non hai.

3- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 140/10 – D. ANTONIO PORTELA JALDA presenta proxecto para cambio de cuberta en vivenda unifamiliar xa existentes, situada en Bouza Mourilla, nº 72, Abelendo, redactado polos arquitectos técnicos D.Francisco Mallo Lagoa e Santiago Gil Fernández, visado o 11.08.10. O día 12 de novembro de 2010 presenta modificado do proxecto, redactado polos mesmos arquitectos técnicos e visado o 10.11.10

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 18 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)
INFORME:

Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto da documentación visada polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación con data de 11/08/2010 unha vez introducidas as modificacións que figuran na documentación rexistrada o 12/11/2010 e visada polo mesmo colexio profesional con data de 10/11/2010. Como consecuencia do anterior queda anulada a petición inicial de cambio de cuberta como obra de consolidación dunha edificación fora de ordenación polo proxecto modificado de reparación de cuberta.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	380,51 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

3.B) EXPTE. 189/10 – D^a MARÍA DOLORES PASCUAL HERRERO presenta estudo técnico para saneamento de fachadas en edificio existente na rúa Ramon Cabanillas, nº 66 do barrio da Seara, redactado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos de Arquitectura y Urbanismo Morrazo, S.L.P., visado o 02.11.10

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 17 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO PARA SANEAMENTO DE FACHADAS
INFORME: **Procede licenza.**

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto concéctanse na memoria descritiva, conleva o mantemento da fachada co saneamento puntual dos balcones do edificio.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 17,37 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €
Cartel 110,00 €

3.C) EXPTE. 181/10 – D. JOSÉ PENA CARRERA presenta proxecto de consolidación de cuberta e saneamento de fachadas nunha vivenda xa existente na r/ Enrique Rubido de la Gándara, nº 222, Abelendo, Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado por Arquitectura y Urbanismo Morrazo, S.L.P., sendo o arquitecto D. Cristóbal Juncal Ríos, visado o 07.10.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 16 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: CONSOLIDACIÓN DE CUBERTA E SANEAMENTO DE FACHADAS (O.MAIOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

Non require acta de replanteo. Axústase ao sistema viario e non require formalizar fianza polos custos de urbanización simultánea.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 230,58 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €
Cartel 110,00 €

3.D) EXPTE. 191/10 – D. LUIS VÁZQUEZ BLANCO presenta proxecto de demolición de muro existente, vaciado do soar e muros de contención, situado no lugar de Touzal nº 54, Meira, redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado o 02.11.10

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 16 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ACONDICIONAMENTO DE TERREO (O.MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** de acordo co proxecto presentado.

Non require informes sectoriais.

O proceso de execución resúmese do seguinte xeito: demolición de muro de contención existente, explanación con nivelación da zona a acondicionar, execución de muros de contención perimetal con altura máxima de 1,80 metros sendo opacos un máximo de 1,20 metros e colocación de portal con idénticas dimensións posicionado a unha distancia mínima de 4,0 metros do eixo do camiño.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	197,50 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

3.E) EXPTE. 179/10 – D. PABLO JAVIER MOREIRA PEQUEÑO presenta proxecto para local auxiliar da vivenda (uso garaxe) situado en Verdeal nº 172 A, Domaio, redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado na data 22.10.10; orzamento: 5.670,12 euros; superficie total construída: 41,35 m2.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 16 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: CONSTRUCCIÓN AUXILIAR USO GARAXE.

INFORME: **Procede licenza de acordo** coas determinacións do proxecto presentado.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Deputación Provincial. Cumpre co retranqueo mínimo establecido de 7,0 metros do eixo da estrada.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	158,76 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

3.F) EXPTE. 264/07 – D.^a MARGARITA CAO RODRÍGUEZ presenta proxecto básico para reconstrución de muro de cantería para contención de terra dunhas escaleiras de acceso a vivenda de 9,52 m x 2,00, situado en Lazareto nº 132, Tirán, do termo municipal de Moaña, redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado o 18.12.07.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 9 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: RECONSTRUCCIÓN DE MURO (O. MAIOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Require informes sectoriais.

Antecedentes: Segundo resolución da Xunta de Goberno Local celebrada o 16 de febreiro de 2009 ante a presentación polo peticionario dun proxecto básico para a reconstrución de muro de cantería para a contención de terra dunhas escaleiras de acceso a vivenda, foi denegada a licenza argumentando a necesidade de contar con informe favorable da Axencia da Protección da Legalidade Urbanística da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes por estar ubicada a obra na zona de protección de dominio público marítimo-terrestre, resolución que se produce de xeito denegatorio e resultando o mesmo de carácter vencellante para este Concello.

Ante a sentenza con carácter de firme estimando a demanda formulada pola peticionaria contra a resolución dictada pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e contra a resolución deste Concello que se adxunta ao expediente, **procede outorgar a presente licenza.**

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 60,77 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €
Cartel 110,00 €

4.- LICENZAS DE PARCELACIÓNS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e, examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de parcelación de fincas, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes:

4.A) EXPTE. 195/10 – D. MIGUEL ÁNGEL ROSALES GONZÁLEZ presenta proxecto de agrupación e parcelación de fincas, sitas no barrio do Calvar – Domaio, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado na data 16.11.2010.

Dáse conta do informe do aparelador do Concello de Moaña de data 17 de novembro de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: AGRUPACIÓN E PARCELACIÓN SIMULTÁNEA

INFORME: Procede licenza parcelación.

Fincas A, B e C de 156,00; 206,00 e 513,00 metros cadrados respectivamente posicionadas en solo urbano de ordenanzas 2 e 3 das NN. SS de Planeamento municipal segundo quedan descritas na documentación técnica. Agrupadas en unha resultante D de 875,00 metros cadrados que queda determinada no plano nº 3. As parcelas resultantes da parcelación definitiva quedan descritas na documentación técnica presentada, visada polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación con data de 16/11/2010, resultan dúas parcelas de 310,00 e 565,00 metros cadrados que cumpren a condición de mínimas según as determinacións da ordenación urbanística previstas para a zona onde se enclavan que quedan reflectidas no plano 4.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza urbanística..... 110,00€

4.B) EXPTE. 196/10 – D. JOSÉ ROMERO PARADA presenta proxecto de parcelación de terreo de 1439,00 m2 sito no barrio do Casal – San Martiño, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal, visado na data 12.11.2010.

Dáse conta do informe do aparelador do Concello de Moaña de data 19 de novembro de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: PARCELACIÓN

INFORME: Procede licenza parcelación.

Solo urbano de ordenanzas 1 e 2, calificación das NN. SS de planeamento municipal. Finca matriz de 1.439,00 metros cadrados; as parcelas resultantes descritas na documentación técnica presentada, visada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas con data de 12/11/2010, resultan dúas parcelas de 931,00 e 508,00 metros cadrados que cumpren a condición de mínimas segundo as determinacións da ordenación urbanística previstas para a zona onde se enclavan.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza urbanística..... 95,00€

4.C) EXPTE. 188/10 – D. JOSÉ PÉREZ FREIRE presenta proxecto de parcelación de finca de 1905,66 m2 sita no barrio do Latón – Meira, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Cristóbal Juncal Rios, visado na data 03.11.2010.

Dáse conta do informe do aparelador do Concello de Moaña de data 17 de novembro de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: PARCELACIÓN

INFORME: **Procede licenza parcelación.**

Finca matriz de 1905,66 metros cadrados posicionada en solo urbano de ordenanza 2 das NN. SS de Planeamento municipal. As parcelas resultantes descritas na documentación técnica presentada, visada polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación con data de 3/11/2010, resultan dúas parcelas de 594,66 e 1.311,00 metros cadrados que cumpren a condición de mínimas segundo as determinacións da ordenación urbanística previstas para a zona onde se enclavan.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza urbanística..... 110,00€

5.-PECHES

Vistos os expedientes instruído a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circía suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

5.A) EXPTE. 194/10 – D. ISAAC RODRÍGUEZ BARCIA E D^a BEGOÑA COSTAS PEQUEÑO solicitan a construción de muro de peche a lindeiros, no lugar do Piñeiro, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 18 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE DE FINCA A LINDEIROS (O. MENOR)
INFORME: **Procede licenza** de acordo coa documentación presentada.
Non require informes sectoriais.
Altura máxima a partir da rasante non superará os dous metros.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 59,09 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

5.B) EXPTE. 183/10 – D. MANUEL PORTELA VALVERDE presenta memoria descriptiva para a realización de muro de cerramento de 20,85 m x 1 m de alto mediante bloques de formigón e malla metálica nunha propiedade, situada en Conselleiros, de acordo coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 16 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO (O . MENOR)
INFORME: **Procede licenza.**

Na zona do cerramento coincidente coa ordenanza 2 das NN. SS de Planeamento municipal son válidas as características do cerramento descritas na documentación presentada; na parte incluída na ordenanza 7 da mesma normativa a altura da malla non superará ó 1,80 metros admitíndose o cerramento opaco de 1,0 metros.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 24,56 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

6.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTURA

EXPEDIENTE 39/10 – D.^a MARGARITA SÁNCHEZ ARELLANO

Vista a documentación presentada o día 15 de novembro de 2010 por Dona Margarita Sánchez Arellano para solicitar o cambio de titularidade dunha licenza de apertura de Cafetería, situado na rúa Daniel Castelao, 37,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 17 de novembro de 2010, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 17.11.10, en relación coa solicitude presentada por Dna. Margarita Sánchez Arellano, na data do 15.11.2010, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de CAFETERÍA, sito na rúa Daniel Castelao, nº 37, pertencente a Dna. Janet Cordeiro Verde, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de CAFETERÍA, sito na rúa Daniel Castelao, nº 37, pertencente a Dna. Janet Cordeiro Verde. Aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data do 04.10.10.**

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFETERÍA, sito na rúa Daniel Castelao, nº 37, pertencente a **Dna. JANET CORDEIRO VERDE**, aprobada pola **Xunta de Goberno de data 04.10.10**, a favor de **D.ª MARGARITA SÁNCHEZ ARELLANO**.

7.- PROXECTO DE EXECUCIÓN DE D. PABLO PAZ COLLAZO

Vista a solicitude de D. PABLO PAZ COLLAZO na que presenta proxecto de execución de vivenda unifamiliar na Grela - Fontes, visado o 29 de setembro de 2010, correspondente ao expediente nº 149/2010,

Dáse conta do informe do aparellador municipal do 16 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 149/10 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle otorgou a licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparellador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA Nº 149/2010.**

8.- CESIÓN DE TERREOS PARA AMPLIACIÓN DE VIAL

D. Pedro Díaz Verde, por escrito do 27 de setembro de 2010, cede gratuíta e voluntariamente a superficie de 21,75 m² ao Concello para ampliación do vial no tramo que dá fronte da miña propiedade situada en Reibón, 26, Meira, de acordo co plano de situación e deslinde que achega.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aceptar a cesión de 21,75 m² do terreo propiedade de D. Pedro Díaz Verde sito no barrio de Reibón, nº 26, e recoñecerlle que a superficie cedida lle computará a efectos de edificabilidade.

9.- PROPOSTA DE GASTOS

9.A) Vista a necesidade de dotar á Escola municipal de música dun equipo que sirva de fotocopiadora/impresora/escáner/fax, pediuse un orzamento a SYS ASTERISCO. para a súa adquisición, que a empresa valora en 2.454,40 euros (ive incluído),

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 3250-62600, RC 1555

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 2.454,40 € a favor da empresa SYS ASTERISCO, con cargo a partida 3250-62600 RC 1555, pola adquisición de fotocopiadora para a Escola Municipal de Música.

9.B) Vista a necesidade de dotar á Escola municipal de música de 3 licenzas de WIN HOME PREM, pediuse un orzamento a CYBERNOVA MOAÑA, S.L.. para a súa adquisición, que a empresa valora en 300 euros (ive incluído),

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 3250-62600, RC 1556

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 300 € a favor da empresa CYBERNOVA MOAÑA, S.L., con cargo a partida 3250-62600 RC 1556, pola adquisición de 3 licenzas WIN HOME PREM 7 32 bits.

9.C) Vista a necesidade de baixar-trasladar un piano na Escola municipal de música, pediuse un orzamento a TRANSPORTES LUIS SÁNCHEZ, especialidade en pianos, que a empresa valora en 175,5 euros (ive incluído),

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 3250-22699, RC 1557

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 175,5 € a favor da empresa TRANSPORTES LUIS SÁNCHEZ, con cargo a partida 3250-22699 RC 1557, polo traslado de piano na Escola municipal de música.

10.- SOLICITUDE DE GASTOS POR QUILOMETRAXE

Luis Alberte Casás Curro, inspector xefe da Policía local, solicita o pagamento das axudas de custo e dos gastos por desprazamento no seu vehículo particular a Santiago de Compostela para asistir a unha acción formativa, por importe de 170,24 euros. Achega copia da solicitude do curso, copia do diploma acreditativo, copia do horario e datas do curso, e tiquets das peaxes.

Visto o informe desfavorable do interventor do 10 de novembro de 2010, no que conclúe que as peaxes non deben ser incluídas na liquidación por non figurar expresamente como indemnizables na autorización para a realización do curso, que a liquidación debe ser corrixida -no sentido de que o funcionario se encontra no grupo 3 do RD 462/2002 e que o que lle corresponde é a metade da contía por manutención que recolle o RD- e que debe determinarse efectivamente a distancia percorrida, xa que hai variacións respecto doutra solicitude por desprazamento ao mesmo sitio,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a solicitude nos termos indicados no informe do interventor, é dicir, o recoñecemento das obrigas polos conceptos de manutención –dous almozos- por importe de 28,21 euros e o desprazamento por importe de 69 euros (90,8 km x 4 viaxes x 0,19 €/km):

11.- SOLICITUDE DE DIFERENZA DE HABERES POR SUSTITUCIÓNS NA RECADACIÓN MUNICIPAL

Dna. Soledad Ríos Santomé, auxiliar administrativa deste Concello adscrita ao Departamento de Urbanismo, presenta solicitudes na que reclama a diferenza de haberes por substitucións de Recadador Municipal, D. Xabier Piñeiro Rodriguez nos anos 2009 e 2010, por vacacións, períodos de baixa...

Visto o informe da Intervención Municipal, de data 13 de agosto de 2010, no que se sinala a necesidade de completar o expediente administrativo, cos actos administrativos de adscripción aos postos de traballo dos afectados polo expediente, actos administrativos polos que se ordearon as substitucións, informes sobre o desempeño de funcións da Recadación Municipal e valoración das diferenzas nas retribucións complementarias dos postos de traballo ás que se adscriben estes traballadores.

Vista a incorporación ao expediente da citada documentación.

Visto o resumo das substitucións realizadas pola solicitante cos períodos e días que se especifican a continuación:

Inicio do período	Fin do período	Número de días
08/06/09	07/08/09	60
01/10/09	06/11/09	36
12/04/10	13/04/10	2
10/05/10	31/05/10	22
01/06/10	19/07/10	49

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a diferenza de haberes por substitucións realizadas por Dna. Soledad Ríos Santomé na Recadación Municipal, nos períodos arriba referidos, por importe total de 1.815,21 euros.

SEGUNDO.- Recoñecer obrigas por importe de 1.815,21 euros, 935,91 euros en concepto de diferenza no complemento de destino a imputar á partida 93040.12001 e 879,30 euros en concepto de complemento específico a imputar á partida 930490.12003 do Orzamento de gastos.

12.- RECOÑECIMIENTO DE ANTIGÜIDADE DE TRABALLADOR

D. TELESFORO ABAL JUNCAL, por instancia con entrada no rexistro do Concello o día 10 de marzo de 2010, expón que sendo traballador do Concello de Moaña non se lle recoñeceron a efectos de antigüidade dos períodos que estivo a traballar para o Concello con carácter temporal, como xustifica coa vida laboral e contratos que acompaña, e que solicita que se lle recoñezan eses dous períodos, que suman nove meses, a efectos de antigüidade.

Visto o informe do departamento de persoal do 18 de marzo de 2010, que di:

“DEPARTAMENTO DE PERSOAL

ASUNTO: RECOÑECEMENTO ANTIGUEDADE.

Examinada por este departamento de persoal, a solicitude presentada por D. TELESFORO ABAL JUNCAL, traballador laboral fixo coa cotegoria de oficial 1º mantemento, no que solicita se lle reconozcan o tempo traballado nesta administración a efectos de trienios. En nómina figura con unha antigüidade de: 23.08.2005.

Solicita se lle recoñezan 9 meses como Oficial 1ª carpinteiro 01/07/2003 á 31/03/2004

Achégase vida laboral e contratos.”

Visto o informe do secretario do 19 de novembro de 2010, no que conclúe que debe incluírse para o cómputo da antigüidade do traballador reclamante os períodos contractuais nos que prestou servizos no Concello con carácter temporal con anterioridade a data de ingreso con carácter definitivo,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Recoñerlle a antigüidade a D. Telesforo Abal Juncal segundo os informes do departamento de persoal e do secretario municipais, computándolle, ademais, o tempo que consta que traballou no Concello antes do 23.08.05 e que son 9 meses.

SEGUNDO.- Comuníquese o presente acordo ao interesado e ao Departamento de Persoal para o seu coñecemento e efectos, en especial para a súa anotación no Rexistro de Persoal.

13.- SOLICITUDE DE CELEBRACIÓN DE MERCADILLO EXTRAORDINARIO

O presidente da Asociación Profesional de Comercio Ambulante e Comercio en Prazas de Abastos de Galicia, por escrito con entrada no rexistro da Consellería de Traballo o día 15 de novembro de 2010, solicita que se celebre un mercadillo extraordinario o día 8 de decembro por considerar que nesas datas hai moita xente en Moaña e para compensar os días perdidos polo mal tempo no ano 2010.

Visto o informe-proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica no que indica que o artigo 9 da ordenanza municipal de venda ambulante establece que se poderá autorizar como máximo 1 mercadillo extraordinario ao ano, e que este xa se celebrou o día 1 de maio de 2010 pola petición de dita asociación; propón a denegación da solicitude.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a solicitude polos motivos recollidos no informe do concelleiro delegado de Promoción Económica.

14.- SOLICITUDE DE ANTICIPO REINTEGRABLE

D. Fernando Pérez Villaverde, funcionario do Concello, solicita un anticipo reintegrable de dúas mensualidades, de conformidade co acordo regulador. Ademais achega un

documento polo que, no caso de que llo concedan e cesase no Concello, autoriza a que lle deduzan os haberes pendentes da liquidación.

Visto o informe do Departamento de Persoal no que recolle que o funcionario non ten ningún anticipo reintegrable concedido nin pendente de pago,

Visto que o comité dá o seu visto e praxe á solicitude,

Visto o informe favorable do interventor do 22 de novembro de 2010, no que segundo os datos da nóminas de setembro e outubro e unha vez feitos os descontos, cuantifica en 1.846,74 euros, cun prazo de devolución de 14 mensualidades segundo o acordo marco regulador,

Vista a proposta do delegado de persoal para a aprobación do concesión do anticipo solicitado,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a D. Fernando Pérez Villaverde, o anticipo solicitado na contía de 1.846,74 euros, reintegrables en 14 mensualidades.

15.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

15.A) Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
JOSE NÚÑEZ BERNARDEZ	Saneamento, uso doméstico	Fontes – Tirán, 163	Taxas saneamento..... 180 €	Aqualia Arquitecto técnico
MANUEL MARTÍNEZ ARAUJO	Saneamento, uso doméstico	Fonte da Vila, 164	Taxas saneamento..... 180 €	Aqualia Arquitecto técnico
JOSE DIOS GÓMEZ	Saneamento, uso doméstico	Verdeal, 25	Taxas saneamento..... 180 €	Aqualia Arquitecto técnico
MANUEL NOGUEIRA CASAS	Saneamento, uso doméstico	Vilela, 45	Taxas saneamento 180 €	Aqualia Arquitecto técnico

15.B) Ante o requirimento feito por Aqualia, D. José Luis Díaz Rial presenta acordo da Comisión de Goberno do 12.02.2001 no que se lle autorizaba a conexión á rede xeral de sumidoiros en Vilela, 180, e fotocopia do recibo por ter pagado as taxas, por importe de 65.000 pesetas, o día 11.04.01 por dito concepto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se dea de alta no padrón por este servizo ao sr. Díaz Rial se por algunha razón non se dese no seu día.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:25 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.